

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN VECIÑAL POLÍGONO DE VITE

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona María Rozas Pérez, Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data 17 de xuño de 2023, pola Excm. Sra. Alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Santiago de Compostela e que lle son recoñecidas a esta polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

Don.....,que intervéñen neste acto en calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN VECIÑAL POLÍGONO DE VITE** con número de identificación fiscal G-15228661 e domicilio social na rúa Avenida de Castelao, 22 - baixo, código postal 15704, en Santiago de Compostela, como entidade sen ánimo de lucro inscrita por Resolución do 21 novembro de 1980, correspondéndolle o nº 1980/000968-1 (AC) do Rexistro Provincial de Asociacións de A Coruña

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

Primeiro.

O Concello de Santiago de Compostela exerce, de conformidade co disposto nos artigos 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as competencias propias en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e de atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social.

Así mesmo, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, recoñece o dereito das persoas aos servizos sociais e atribúe aos poderes públicos a responsabilidade de garantir a súa efectividade, promovendo a igualdade real e a inclusión social.

A citada lei establece, ademais, que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias por parte das entidades de iniciativa social que cumpran os requisitos legalmente establecidos. Neste marco, corresponde aos concellos, entre outras funcións, a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, a colaboración no fomento dos servizos sociais especializados no ámbito local, así como a promoción e coordinación dos servizos sociais.

Segundo.

En cumprimento do mandato contido no artigo 9.2 da Constitución Española, o Concello de Santiago de Compostela promove as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que dificulten a súa plenitude e favorecendo a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Neste marco, e no exercicio das competencias que lle corresponden en materia de servizos sociais, o Concello desenvolve programas e actuacións orientados á prevención das situacións de vulnerabilidade, á promoción da inclusión social e á mellora da calidade de vida das persoas, favorecendo a igualdade de oportunidades e a cohesión social.

Terceiro

A **Asociación Veciñal Polígono de Vite** é unha entidade sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar.

De acordo cos seus fins estatutarios, a Asociación ten, entre outros, os seguintes obxectivos:

- a) A defensa dos intereses dos seus asociados e asociadas en relación coa situación urbanística e cos servizos públicos do Polígono de Vite, incluíndo, entre outros, os relativos ás vías públicas, á rede de saneamento, ao abastecemento de auga, ao alumeadado e a outros servizos e infraestruturas, así como o asesoramento ao vecindario nestas materias e a formulación de propostas de mellora ante as administracións e organismos competentes.
- b) A colaboración coas institucións e organismos competentes para contribuír ao adecuado funcionamento dos servizos educativos, sanitarios e doutros servizos de interese para a comunidade veciñal, mediante a formulación das propostas e comunicacións que procedan.
- c) A prestación de apoio e axuda solidaria ás familias e persoas que se atopen en situación de maior necesidade ou presenten problemáticas sociais, colaborando na procura de alternativas e solucións ante situacións de vulnerabilidade, marxinación ou exclusión social.
- d) A colaboración coas institucións e entidades públicas e privadas para favorecer un mellor aproveitamento e unha utilización máis eficiente dos recursos dispoñibles en beneficio da comunidade.
- e) A promoción e defensa dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias polos medios legalmente establecidos, así como o impulso, se é o caso, da creación de entidades ou iniciativas destinadas a tal finalidade.
- f) En xeral, a defensa dos intereses lexítimos da comunidade veciñal, así como a promoción do desenvolvemento cultural, físico e social dos seus asociados e asociadas e a contribución á mellora do benestar e da calidade de vida dos veciños e veciñas.

Para a consecución dos seus fins, a Asociación poderá organizar e desenvolver actividades de carácter social, cultural, deportivo, formativo e de calquera outra natureza que resulte axeitada para o cumprimento dos seus obxectivos estatutarios.

Cuarto.

O Concello de Santiago de Compostela entende que a actividade da **Asociación Veciñal Polígono de Vite** é de interese social/xeral para o conxunto da comunidade e, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de establecer unha colaboración entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

Quinto.

A Asociación Veciñal Polígono de Vite é unha entidade con plena capacidade xurídica e plena capacidade de obrar que por razón da súa actividade non queda en relación de dependencia con respecto o Concello de Santiago de Compostela. Polo tanto, este non será responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos materiais, persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase se puidesen producir durante o desenvolvemento da actividade.

Sexto.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LGS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición dineraria realizada polas entidades que integran a Administración local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa das beneficiarias, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por realizar ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir os deberes materiais e formais establecidos.

O programa financiado obxecto do convenio, ten por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social e de promoción dunha finalidade pública.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, pólo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración

Sétimo.

Podendo iniciarse o procedemento de concesión tanto de oficio como a pedimento da entidade interesada, a **Asociación Veciñal Polígono de Vite** atendendo ao requirimento municipal, presentou por rexistro o día 17/05/2026 co nº de entrada no Rexistro Municipal: **2026029091** documentación necesaria para a subscrición do convenio.

Despois de revisar a documentación presentada e os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos que esixen a LGS, e contemplándose a disposición dunha subvención nominativa nos Orzamentos do Concello de Santiago de Compostela 2026 á **Asociación Veciñal Polígono de Vite** para contribuír ao financiamento das súas actividades por importe 27.000 €, - *gasto imputable á aplicación orzamentaria 020 23100 4800025* - procedese a subscribir o presente convenio de colaboración entre ambas as entidades, co fin de colaborar na consecución do fin social/ xeral descrito.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a **Asociación Veciñal Polígono de Vite** para o desenvolvemento dos **PROGRAMAS DO PLAN COMUNITARIO DE VITE**, nos termos e condicións establecidos no presente convenio e no seu Anexo I.

O programa obxecto do convenio comprende as actuacións descritas na cláusula segunda, destinadas á prevención de situacións de vulnerabilidade, promoción da saúde e do benestar, prevención de condutas aditivas e de risco, apoio ás familias, atención á mocidade, acompañamento de persoas maiores e promoción da participación e da cohesión comunitaria no ámbito do barrio de Vite.

O custo total estimado das actuacións obxecto do presente convenio ascende a **OITENTA E CATRO MIL CENTO DEZANOVE EUROS CON CORENTA E ÚN CÉNTIMOS DE EURO (84.119,41 €)**, segundo o orzamento desagregado que figura no Anexo I.

Sen prexuízo da duración anual dalgunhas das actuacións que integran os Programas do Plan Comunitario de Vite, a presente subvención municipal financiará exclusivamente os gastos que cumpran os requisitos establecidos neste convenio e que sexan realizados dentro do período subvencionable comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2026.

SEGUNDA.- CONTIDO.

Os Programas do Plan Comunitario de Vite obxecto do presente convenio comprenden as seguintes actuacións:

1. SAÚDE NA ESCOLA E INTERVENCIÓN SOCIO-EDUCATIVANA AULA

Ámbito :Escolar

Localización: CEIP de Vite, IES Arcebispo Xelmírez II

Obxectivos Xerais e Específicos: Promover estilos de vida saudables e previr condutas aditivas...

Actuacións Concretas: Sesións educativas con alumnado, coordinación con profesorado...

Liñas de Actuación: Prevención dende a escola, enfoque comunitario...

Temporalización: Xaneiro – Xuño 2026

Poboación Destinataria: Alumnado de 5 a 18 anos, familias e docentes.

Criterios de Avaliación: Rexistro de participación, avaliación con profesorado.

Difusión das Actividades: Plan de Acción Titorial, redes sociais, centros educativos.

Resultados Previstos: Participación de 250 alumnos/as, mellora de actitudes e coñecementos.

2. EMPECEMOS

Ámbito: Escolar

Localización: CEIP de Vite

Obxectivos Xerais e Específicos: Fortalecer habilidades emocionais, sociais e de convivencia, fundamentais para o desenvolvemento persoal e académico.

Actuacións Concretas: Reforzo positivo, xogos de rol, modelaxe e dinámicas cooperativas.

Liñas de Actuación: Prevención dende a escola, enfoque comunitario.

Temporalización: Xaneiro-Xuño 2026

Poboación Destinataria: Alumnado de 1º, 2º e 3º de primaria.

Criterios de Avaliación: Medición da mellora do clima na aula, redución de conductas destrutivas, aumento da empatía e autocontrol e cooperación e satisfacción do profesorado e alumnado. Avaliación co Departamento de Orientación.

Difusión das Actividades: Plan de acción titorial, redes sociais, centro educativo.

Resultados Previstos: Mellora de actitudes e habilidades

3. CONTRUÍNDOL SAÚDE

Ámbito: Escolar

Localización: IES Arcebispo Xelmírez II

Obxectivos Xerais e Específicos: Promover a saúde persoal e social e previr o consumo de drogas e das conductas antisociais.

Actuacións Concretas: Información e debate sobre drogas, toma de decisións, autoestima, control emocional, habilidades sociais, cooperación e ocio saudable.

Liñas de Actuación: Prevención dende a escola, enfoque comunitario.

Temporalización: Xaneiro-Xuño 2026

Poboación Destinataria: Alumnado de 1º e 2º da ESO.

Criterios de Avaliación: Na avaliación medirase se hai mellora do clima da aula, redución das condutas disruptivas, aumento da empatía, autocontrol e cooperación e maior satisfacción do profesorado e alumnado en base aos obxectivos cas/cos titoras/es de 1º e 2º da ESO e co Departamento de Orientación do centro escolar.

Difusión das Actividades: Plan de acción tutorial, redes sociais, centro educativo.

Resultados Previstos: Participación de 150 alumnos/as. Mellora de actitudes e coñecementos.

4. NON PASA NADA, PASA ALGO

Ámbito: Escolar

Localización: IES Arcebispo Xelmírez II

Obxectivos Xerais e Específicos: Previr condutas aditivas e promover estilos de vida saudables entre adolescentes...

Actuacións Concretas: Sesións-talleres con alumnado, encontros con familias e profesorado.

Liñas de Actuación: Prevención selectiva, educación crítica, coordinación escola-comunidade.

Temporalización: Xaneiro-Febreiro 2026

Poboación Destinataria: Alumnado de 4º da ESO, familias e profesorado.

Criterios de Avaliación: Cuestionarios, rexistro de participación, avaliación conxunta.

Difusión das Actividades: A través das ANPAs, titorías e canles escolares.

Resultados Previstos: Participación de 90 alumnos/as, mellora da percepción crítica sobre consumo.

5. MÁIS QUE UN TEITO

Ámbito: Familiar

Localización: Centro Sociocultural José Saramago

Obxectivos Xerais e Específicos: Apoiar ás familias na educación dos fillos/as, previr condutas de risco.

Actuacións Concretas: Encontros formativos por grupos de idade, traballo en gran e pequeno grupo...

Liñas de Actuación: Prevención universal, formación parental, apoio á convivencia familiar.

Temporalización: xaneiro-xuño 2026

Poboación Destinataria: Pais, nais e titores/as de nenos/as e mozos/as de 5 a 18 anos.

Criterios de Avaliación: Asistencia, valoración das sesións, seguimento temático.

Difusión das Actividades: Centros escolares, ANPAs, redes sociais.

Resultados Previstos: Participación de 60 familias, mellora das relacións familiares.

6. PROTEGO

Ámbito: Familiar

Localización: Centro Sociocultural “José Saramago” e centros de ensino

Obxectivos Xerais e Específicos: Fortalecer os factores de protección familiar: vínculos afectivos positivos, normas claras, disciplina positiva, implicación das nais e pais na vida dos fillos/as e comunicación aberta.

Actuacións Concretas: 10 sesións (8 semanais e 2 mensuais) con metodoloxía práctica baseada en discusión dirixida, modelaxe, “role-playing” e tarefas para a casa.

Liñas de Actuación: Prevención universal, formación parental, apoio á convivencia familiar

Temporalización: Xaneiro a decembro de 2026, tendo en conta o curso escolar e en horarios convidos coas familias.

Poboación Destinataria: Pais, nais e titores/as de nenos/as e mozos/as de 9 a 13 anos.

Criterios de Avaliación: Realización de cuestionario inicial para coñecer as habilidades educativas dos pais e nais no momento de incorporarse ao programa e cuestionario ao final da última sesión para comprobar as modificacións producidas.

Difusión das Actividades: Centros escolares, ANPAs, redes sociais.

Resultados Previstos: Participación de 17 familias.

7. ENTRE TODOS E TODAS

Ámbito: Familiar

Localización: Centro Sociocultural “José Saramago” e domicilios familiares

Obxectivos Xerais e Específicos: Atender adolescentes e familias en risco, promover cambios estruturais.

Actuacións Concretas: Terapia familiar, ensaio de condutas, intervencións en crise.

Liñas de Actuación: Prevención indicada, enfoque sistémico familiar.

Temporalización: De xaneiro a decembro de 2026, segundo demanda.

Poboación Destinataria: Familias con adolescentes con problemas de conduta ou consumo.

Criterios de Avaliación: Seguimento do proceso familiar, cambios observables.

Difusión das Actividades: Derivación desde centros e servizos.

Resultados Previstos: 4 8-10 familias/ano, mellora das dinámicas familiares.

8. ACTIVA

Ámbito: Xuventude

Localización: Centro Sociocultural “José Saramago”, espazos naturais.

Obxectivos Xerais e Específicos: Ofrecer tempo libre educativo, previr condutas de risco.

Actuacións Concretas: Ludoteca, campamentos, actividades culturais, formación de mediadores.

Liñas de Actuación: Prevención universal, participación xuvenil.

Temporalización: Continúo de xaneiro a decembro de 2026.

Poboación Destinataria: Mozos/as de 12 a 29 anos

Criterios de Avaliación: Participación, avaliación grupal, seguimento dos mediadores.

Difusión das Actividades: Punto de Información Xuvenil, redes sociais

Resultados Previstos: 200 participantes, 15 mediadores/as activos/as.

9. INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Ámbito: Transversal

Localización: Barrio de Vite, centros, entidades

Obxectivos Xerais e Específicos: Sensibilizar sobre riscos e previr condutas aditivas.

Actuacións Concretas: Campañas informativas, charlas, materiais divulgativos.

Liñas de Actuación: Prevención ambiental, difusión de mensaxes positivas.

Temporalización: xaneiro a decembro de 2026, con datas sinaladas.

Poboación Destinataria: Veciñanza en xeral.

Criterios de Avaliación: Número de materiais, eventos e alcance estimado.

Difusión das Actividades: Redes sociais, centros escolares, entidades.

Resultados Previstos: 4 campañas/ano, 1000 persoas alcanzadas.

10. ACOMPAÑÁNDONOS

Ámbito: Persoas maiores

Localización: Domicilios e Centro Sociocultural “José Saramago”

Obxectivos Xerais e Específicos: Mellorar calidade de vida e combater soidade non desexada.

Actuacións Concretas: Visitas, acompañamento emocional, orientación.

Liñas de Actuación: Prevención do illamento, atención personalizada.

Temporalización: xaneiro-decembro 2026

Poboación Destinataria: Persoas Maiores que viven soas.

Criterios de Avaliación: Número de visitas e valoración do benestar.

Difusión das Actividades: Centros de saúde, servizos sociais, boca a boca.

Resultados Previstos: 10 persoas acompañadas, 100 visitas ao ano.

11. Intervención psicolóxica e social a alumnado expulsado temporalmente.

Ámbito: Escolar

Localización: Centro Sociocultural José Saramago

Obxectivos Xerais e Específicos: Manter apoio educativo e emocional durante a expulsión.

Actuacións Concretas: Apoio académico, traballo en autoestima e condutas.

Liñas de Actuación: Prevención indicada, resposta educativa alternativa.

Temporalización: Xaneiro-decembro 2026; segundo expulsións notificadas

Poboación Destinataria: Alumnado da ESO con expulsión temporal.

Criterios de Avaliación: Reincorporación e evolución persoal.

Difusión das Actividades: Protocolos con centros escolares.

Resultados Previstos: 10-15 intervencións/ano, mellora do vínculo educativo.

12. VITE ARQUIVA

Ámbito: Comunitario

Localización: Centro Sociocultural “José Saramago” e espazos do barrio

Obxectivos Xerais e Específicos: Conservar e compartir a memoria histórica do barrio.

Actuacións Concretas: Entrevistas, arquivo, exposicións, obradoiros.

Liñas de Actuación: Participación interxeneracional, identidade colectiva

Temporalización: Xaneiro-decembro 2026

Poboación Destinataria: Veciñanza, especialmente persoas maiores e mocidade.

Criterios de Avaliación: Materiais recollidos, actividades realizadas.

Difusión das Actividades: Redes sociais, exposicións, actos públicos.

Resultados Previstos: 50 testemuños/ano, 3-4 actividades abertas.

13. VITE EN REDE

Ámbito: Comunitario

Localización: Centro Sociocultural “José Saramago”

Obxectivos Xerais e Específicos: Coordinación entre entidades e servizos.

Actuacións Concretas: Reunións, planificación compartida, actividades conxuntas...

Liñas de Actuación: Traballo en rede, participación horizontal.

Temporalización: Reunións trimestrais.

Poboación Destinataria: Entidades e servizos do barrio.

Criterios de Avaliación: Participación e actividades conxuntas.

Difusión das Actividades: Redes internas e comunicación comunitaria.

Resultados Previstos: 4 reunións/ano, 3 accións colectivas mínimas.

14. NADAL SOLIDARIO .RECOLLIDA DE XOGUETES

Ámbito: Comunitario

Localización: Centro Sociocultural “José Saramago”

Obxectivos Xerais e Específicos: Entregar xoguetes a familias vulnerables e promover a solidariedade.

Actuacións Concretas: Recollida, clasificación, entrega e colaboración intermunicipal.

Liñas de Actuación: Acción solidaria e educativa.

Temporalización: Decembro 2026

Poboación Destinataria: Nenos/as de familias derivadas por servizos sociais.

Criterios de Avaliación: Xoguetes recollidos, familias atendidas.

Difusión das Actividades: Cartelería, redes sociais, entidades colaboradoras.

Resultados Previstos: 200-300 xoguetes, 50 familias beneficiadas.

15. CAMPAÑAS DE TEMPO LIBRE. CAMPAMENTOS E COLONIAS

Ámbito: Xuventude

Localización: Galicia, en albergues e espazos naturais

Obxectivos Xerais e Específicos: Ofrecer alternativas educativas no tempo libre e apoiar ás familias...

Actuacións Concretas: Colonias estacionais, rutas, integración intercultural...

Liñas de Actuación: Prevención universal, lecer educativo.

Temporalización: Xaneiro-Setembro 2026

Poboación Destinataria: Nenos/as e adolescentes de 6 a 18 anos.

Criterios de Avaliación: Participación, valoración de familias.

Difusión das Actividades: Centros educativos, redes sociais.

Resultados Previstos: 90-100 participantes/ano, integración de colectivos vulnerables.

Aos efectos do presente convenio, cómpre precisar que, aínda que o programa obxecto do convenio ten carácter anual e a súa planificación xeral abranque o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, a presente subvención destínase exclusivamente ao financiamento das actividades e actuacións desenvolvidas ata o 30 de setembro de 2026, data de finalización da vixencia do convenio. Polo tanto, non serán obxecto de financiamento con cargo á presente subvención as actividades ou actuacións que, no marco da programación anual da entidade, se desenvolvan con posterioridade ao 30 de setembro de 2026.

TERCEIRA. CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

Para o financiamento das actuacións obxecto do presente convenio, o Concello de Santiago de Compostela achegará á **Asociación Veciñal Polígono de Vite** unha subvención nominativa por importe de **VINTE E SETE MIL EUROS (27.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800025 do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2026, de conformidade co previsto nas Bases de Execución do Orzamento.

A presente subvención ten carácter nominativo e a súa concesión directa fundaméntase no disposto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ao estar prevista expresamente no Orzamento municipal para o exercicio 2026, así como no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe da subvención municipal non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, o custo da actividade subvencionada, de conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 38/2003.

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de calquera Administración ou entidade pública ou privada, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que se respecte o límite establecido no parágrafo anterior e o réxime de compatibilidade que, de ser o caso, resulte aplicable.

A entidade beneficiaria deberá destinar á realización das actuacións obxecto do convenio o financiamento necesario para cubrir a parte do custo non financiada pola subvención municipal.

Cando a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos dea lugar a un exceso de financiamento respecto do custo da actividade subvencionada, procederá a minoración da subvención municipal e, de ser o caso, o reintegro do exceso percibido, xunto cos xuros de demora correspondentes.

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse subvencionables os gastos que, de xeito indubidable, respondan á natureza e finalidade das actuacións obxecto da subvención, resulten necesarios para a súa adecuada execución, se realicen entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2026 e cumpran os demais requisitos establecidos na normativa aplicable e no presente convenio.

Poderán considerarse subvencionables os gastos realizados con anterioridade á sinatura do convenio, sempre que correspondan ao período subvencionable indicado, estean directamente vinculados ás actividades obxecto do convenio e cumpran os requisitos establecidos para a súa xustificación.

Os gastos deberán estar efectivamente pagados dentro do prazo que resulte aplicable conforme ás Bases de Execución e á normativa subvencional, e, en todo caso, deberán estar debidamente acreditados na conta xustificativa.

4.1. GASTOS SUBVENCIONABLES

A) Gastos de persoal

Poderán imputarse os gastos derivados da contratación do persoal necesario para a execución do proxecto, tanto fixo como temporal, incluídos salarios, cotizacións empresariais á Seguridade Social e demais custos laborais directamente vinculados ao proxecto.

A imputación deberá corresponder ao tempo efectivo de dedicación ao proxecto e deberá acreditarse mediante a documentación laboral, salarial e de Seguridade Social correspondente.

A.1. Persoal con contrato laboral

Deberá achegarse o contrato de traballo e documentación suficiente para acreditar as funcións desempeñadas, a modalidade contractual, a categoría profesional, a retribución e o grao de dedicación ao proxecto.

As nóminas deberán acompañarse do correspondente xustificante de pagamento debidamente selado ou certificado pola entidade bancaria intermediaria

A cotización empresarial á Seguridade Social será subvencionable na parte proporcional correspondente ao tempo efectivamente dedicado ao proxecto.

Deberán achegarse os documentos RLC e RNT correspondentes aos períodos imputados e os respectivos xustificantes de pagamento.

As retencións practicadas a conta do IRPF integran o salario bruto da persoa traballadora e non serán obxecto de imputación adicional. Deberanse achegar os modelos tributarios e xustificantes de ingreso que procedan.

Non serán subvencionables as retribucións ou compensacións percibidas polas persoas membros da xunta directiva ou órganos de goberno polo desempeño do seu cargo, nin os gastos derivados de contratacións ou prestacións de servizos realizados por estas persoas en condicións que impliquen un conflito cos requisitos de imparcialidade e vinculación coa finalidade subvencionada.

Non serán subvencionables as penalizacións, indemnizacións ou recargas derivadas de incumprimentos imputables á entidade beneficiaria, así como os recargos por atrasos no cumprimento das obrigas tributarias ou coa Seguridade Social.

A.2. Honorarios de profesionais externos

Poderán imputarse os honorarios de profesionais externos que desenvolvan funcións directamente vinculadas coa execución do proxecto, sempre que a prestación responda á natureza e finalidade das actividades subvencionadas e cumpra a normativa laboral, fiscal e tributaria aplicable.

Para a súa xustificación deberá achegarse a factura correspondente, suficientemente desagregada e coa identificación da actividade realizada, así como o xustificante de pagamento e a documentación acreditativa das retencións fiscais que procedan.

Non serán subvencionables facturas ou recibos emitidos por membros da xunta directiva ou órganos de goberno da entidade beneficiaria cando correspondan a prestacións vinculadas ao desempeño do seu cargo.

Documentación xustificativa. Deberá achegarse:

- Factura desagregada do servizo prestado, con indicación expresa da actividade realizada, coas retencións de IRPF que procedan, así como o xustificante do seu pagamento.

- Copia do DNI da persoa prestadora do servizo.

- Modelo 111 e, se procede, modelo 190, acreditativo das retencións e ingresos á conta do IRPF, xunto cos seus correspondentes xustificantes de pagamento.

- Declaración responsable na que se faga constar o carácter esporádico da actividade e o cumprimento do requisito de non superación dos límites retributivos legalmente establecidos, no seu caso.

- En ningún caso serán subvencionables facturas ou recibos emitidos por membros da xunta directiva ou órganos de goberno da entidade (Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesouraría ou vogalías), con cargo á subvención.

B) Alugueiros

Os gastos de alugueiro directamente vinculados coa execución das actividades poderán imputarse cun límite máximo do 25 % do importe da subvención concedida, salvo que as condicións reguladoras ou as Bases de Execución establezan outro criterio.

Só poderán imputarse os gastos correspondentes a espazos utilizados de forma efectiva, verificable e directamente vinculada coa execución das actividades subvencionadas.

Deberá achegarse o contrato de arrendamento cando proceda, a factura ou documento equivalente e o correspondente xustificante de pagamento, así como a documentación fiscal relativa ás retencións que resulten legalmente esixibles.

C) Seguros vinculados á execución do proxecto

Serán subvencionables os gastos derivados da contratación de pólizas especificamente vinculadas ás actividades subvencionadas e necesarias para cubrir os riscos derivados da súa execución, tales como seguros de responsabilidade civil ou accidentes.

Para a súa xustificación deberá achegarse a póliza, a acreditación do ámbito ou colectivo cuberto, a factura e o xustificante do pagamento da prima correspondente.

D) Mantemento, conservación e limpeza

Serán subvencionables os gastos de conservación e mantemento ordinario dos equipos, mobiliario, instalacións e demais elementos afectados á realización do proxecto, sempre que non impliquen ampliación, mellora estrutural ou incremento do valor do ben.

Tamén poderán imputarse os gastos de limpeza dos locais e espazos empregados para as actividades subvencionadas, sempre que exista unha relación directa coa súa execución.

Deberá achegarse factura suficientemente detallada e xustificante de pagamento.

E) Material funxible e consumibles

Serán subvencionables os gastos derivados da adquisición de material funxible e consumible directamente vinculado á execución das actividades, incluído material didáctico, formativo, de oficina e consumibles informáticos.

Deberá achegarse factura suficientemente detallada e xustificante de pagamento.

F) Gastos de subministracións

Poderán imputarse gastos de auga, electricidade, gas, telefonía, conexión a internet e outros de natureza análoga, sempre que exista unha vinculación directa co proxecto.

Cando os consumos correspondan a espazos ou servizos compartidos con outras actividades da entidade, a imputación deberá realizarse mediante criterios obxectivos, proporcionais e verificables, que deberán quedar descritos na memoria económica.

4.2. GASTOS NON SUBVENCIONABLES

Non terán a consideración de gastos subvencionables:

- a) Os gastos financeiros e bancarios, agás que as condicións reguladoras establezan expresamente o contrario.
- b) O IVE cando sexa susceptible de recuperación, compensación ou dedución pola entidade beneficiaria.
- c) Os gastos de investimento ou adquisición de bens inventariables, así como os destinados á creación, ampliación, mellora ou equipamento permanente de instalacións, salvo que a normativa reguladora ou o convenio establezan expresamente o contrario.
- d) As gratificacións ou compensacións económicas ás persoas voluntarias.

e) Os gastos de desprazamento, manutención e aloxamento do persoal da entidade beneficiaria, das persoas voluntarias e dos membros dos seus órganos de goberno

Non terán a consideración de gastos excluídos os gastos de transporte, desprazamento, manutención ou aloxamento das persoas beneficiarias ou destinatarias das actividades e actuacións subvencionadas, cando resulten necesarios para o desenvolvemento das mesmas, estean directamente vinculados ás actuacións previstas no convenio, figuren, de ser o caso, no orzamento aprobado e resulten admisibles conforme ás Bases de Execución e á normativa aplicable.

f) Os xuros de demora, recargas, sancións administrativas ou tributarias e gastos derivados de procedementos xudiciais.

g) Os gastos derivados da participación das persoas membros dos órganos de goberno da entidade no exercicio das súas funcións.

h) Os gastos de promoción institucional da entidade que non garden relación directa co proxecto subvencionado.

i) Os gastos de asesoramento xurídico, fiscal, laboral ou financeiro, así como os gastos notariais e rexistrais, salvo que estean directamente vinculados coa actividade subvencionada e sexan expresamente admisibles conforme á normativa aplicable.

j) Os gastos de restauración, cátering, recepcións ou degustacións a cargo do persoal da entidade beneficiaria, das persoas voluntarias ou dos membros dos seus órganos de goberno, agás aqueles que, de ser o caso, resulten expresamente admisibles conforme ás Bases de Execución ou á normativa reguladora aplicable.

Non terán a consideración de gastos excluídos os gastos de manutención, restauración ou cátering destinados ás persoas beneficiarias ou destinatarias das actividades, cando estean directamente vinculados ao desenvolvemento dunha actuación subvencionada, resulten necesarios para a súa realización, estean previstos no orzamento aprobado e sexan admisibles conforme ás Bases de Execución e á normativa aplicable.

k) As primas correspondentes a seguros de vehículos titularidade da entidade beneficiaria.

- l) Calquera outro gasto que non garde unha relación directa, necesaria e indubidable coa execución do proxecto ou que non estea previsto na memoria e orzamento aprobados.
- m) Os gastos realizados fóra do período subvencionable establecido no presente convenio.

QUINTA. VIXENCIA, EXTINCIÓN E LIQUIDACIÓN

O presente convenio producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 30 de setembro de 2026, ambos os dous incluídos, sen prexuízo das obrigas de xustificación, comprobación, control e, de ser o caso, reintegro que, pola súa natureza, deban subsistir con posterioridade á súa extinción.

O programa obxecto do convenio ten carácter anual e a súa planificación xeral abrangue o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. Non obstante, aos efectos do presente convenio, as actividades e actuacións do programa que serán obxecto de financiamento con cargo á subvención concedida polo Concello de Santiago de Compostela serán exclusivamente aquelas desenvolvidas e executadas dentro do período de vixencia do convenio, isto é, entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2026.

En consecuencia, terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan de maneira indubidable á natureza e finalidade da subvención, sempre que fosen realizados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de setembro de 2026, e se atopen debidamente xustificadas de conformidade co establecido neste convenio e na normativa aplicable.

As actividades ou actuacións que, no marco da programación anual da entidade, se desenvolvan con posterioridade ao 30 de setembro de 2026 poderán formar parte do programa anual da entidade, pero non estarán comprendidas no ámbito de execución nin serán obxecto de financiamento con cargo á subvención regulada no presente convenio.

Non se prevé a posibilidade de prorrogar a vixencia do presente convenio.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, pola finalización do seu prazo de vixencia sen acordarse prórroga, ou por incorrer nalgunha das causas de resolución previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas seguintes causas específicas:

- a) O incumprimento total ou parcial das obrigas, condicións ou compromisos asumidos por calquera das partes e, en particular, dos previstos neste convenio.
- b) A aplicación total ou parcial dos fondos percibidos a finalidades distintas das que fundamentan a concesión da subvención.
- c) A falta de presentación da xustificación, a súa presentación fóra de prazo ou a insuficiente acreditación dos gastos subvencionables, nos termos previstos neste convenio e na normativa de aplicación.
- d) A concorrencia de calquera das causas de reintegro previstas nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nos supostos anteriores, procederá, segundo a natureza e o alcance do incumprimento, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes, calculados desde a data do pagamento da subvención ata aquela en que se acorde a procedencia do reintegro, de conformidade coa normativa subvencional aplicable.

A resolución do convenio non eximirá ás partes do cumprimento das obrigas pendentes que, pola súa natureza, deban subsistir tras a súa extinción. Así mesmo, adoptaranse as medidas necesarias para garantir a correcta finalización das actuacións en curso ou, de ser o caso, a súa liquidación ordenada, preservando os dereitos e intereses das persoas destinatarias das actuacións desenvolvidas ao abeiro deste convenio.

No suposto de extinción anticipada, a entidade beneficiaria deberá presentar a conta xustificativa correspondente aos gastos realizados con cargo á subvención no prazo máximo de UN MES, contado desde a data de efectos da resolución. Unha vez examinada a documentación presentada, o Concello poderá iniciar, de ser o caso, o procedemento de reintegro respecto das cantidades non xustificadas, non executadas ou aplicadas a finalidades distintas das previstas neste convenio.

SEXTA. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

O aboamento da subvención realizarase unha vez xustificada a realización da actividade subvencionada e acreditada a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, de conformidade co establecido no presente convenio e na normativa aplicable.

Con carácter previo ao pagamento, a unidade xestora realizará as comprobacións técnicas e económicas que procedan sobre a documentación presentada pola entidade beneficiaria, co obxecto de verificar a correcta execución das actuacións, o cumprimento da finalidade da subvención e a adecuada aplicación dos fondos.

A entidade beneficiaria deberá presentar a documentación xustificativa ante a unidade xestora responsable do seguimento e comprobación da subvención como data límite o 30 de setembro de 2026.

Esta data constitúe o prazo establecido para a presentación da documentación pola entidade beneficiaria, co obxecto de permitir á unidade xestora efectuar as comprobacións correspondentes e emitir o informe previo á súa remisión a Intervención.

Unha vez realizada a comprobación pola unidade xestora, a documentación xustificativa será remitida a Intervención nos termos establecidos na Base 31 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2026, de acordo coa cal, con carácter xeral, a documentación xustificativa deberá presentarse en Intervención antes do 10 de novembro de 2026.

Cando o custo efectivamente executado da actividade resulte inferior ao inicialmente previsto, a contía da subvención poderá minorarse na proporción que corresponda, de acordo coa normativa aplicable e coa natureza e alcance do incumprimento ou da desviación producida.

A conta xustificativa deberá acreditar a totalidade dos gastos e ingresos relacionados coa actividade subvencionada, incluídos os recursos propios, subvencións, axudas ou demais fontes de financiamento que contribúan á súa realización.

A xustificación estará integrada, como mínimo, pola seguinte documentación:

- 1. Memoria de actuación**, na que se xustifique o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2. Memoria económica ou conta xustificativa**, conforme ao artigo 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na que conste a relación clasificada dos gastos realizados, a súa vinculación coas actividades subvencionadas e, cando proceda, os criterios de imputación dos gastos compartidos.
- 3. Relación detallada dos gastos**, con indicación do número e data do documento, provedor, concepto, importe, data de pagamento e importe imputado á subvención.
- 4. Xustificantes do gasto e do pagamento, nos** termos establecidos neste convenio.
- 5. Declaración responsable da entidade**, asinada pola persoa representante legal, sobre o cumprimento da finalidade da subvención e a aplicación dos fondos percibidos.
- 6. Declaración responsable ou relación das subvencións**, axudas, ingresos ou recursos obtidos ou solicitados para a mesma finalidade, con indicación da súa procedencia e importe e, de ser o caso, da aplicación dos mesmos.
7. Documentación acreditativa do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, nos termos esixidos pola normativa aplicable.
8. Datos identificativos e bancarios da entidade, cando resulten necesarios para o pagamento da subvención.
9. Documentación acreditativa do cumprimento das obrigas de publicidade do financiamento público, nos termos establecidos na cláusula novena.

Os gastos deberán acreditarse mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, emitidos de conformidade coa normativa aplicable.

As facturas deberán estar emitidas a nome da entidade beneficiaria e identificar suficientemente o gasto realizado.

A acreditación do pagamento realizarase mediante documentación bancaria ou outro medio admitido legalmente que permita verificar de maneira indubidable a efectiva saída de fondos e a súa vinculación coa factura ou documento xustificativo correspondente.

Cando un mesmo pagamento corresponda a varias facturas, deberá acreditarse de maneira suficiente a correspondencia entre o pagamento efectuado e os documentos de gasto aos que se refire.

Os pagamentos en efectivo só serán admisibles nos supostos e cos límites establecidos pola normativa e polas Bases de Execución aplicables.

Cando a xustificación presente defectos ou resulte incompleta, a unidade administrativa competente poderá requirir a entidade beneficiaria para que proceda á súa emenda no prazo de dez días, nos termos establecidos no artigo 71.2 do Real Decreto 887/2006.

SÉTIMA. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

A documentación xustificativa da subvención presentarse a través do Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela ou por calquera dos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A entidade beneficiaria utilizará obrigatoriamente os modelos normalizados (ANEXOS) aprobados polo Concello e dispoñibles na sede electrónica municipal, que deberán presentarse debidamente cumprimentados, sen emendas nin alteracións que poidan comprometer a súa validez.

Así mesmo, e coa finalidade de facilitar a comprobación técnica e económica da subvención, a entidade remitirá, dentro do mesmo prazo establecido para a súa presentación no Rexistro, copia da documentación xustificativa en formato electrónico editable (.doc ou .docx) ao enderezo de correo electrónico habilitado pola Concellería de Dereitos e Servizos Sociais.

A remisión da documentación por correo electrónico terá carácter complementario e non substituirá, en ningún caso, a súa presentación polos medios legalmente establecidos.

OITAVA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e demais normativa de aplicación, a entidade beneficiaria comprométese a:

- a) Executar as actuacións que constitúen o obxecto do presente convenio nos termos previstos nel.
- b) Aplicar integramente os fondos recibidos á finalidade para a que foron concedidos.
- c) Xustificar, nos prazos e coa documentación establecida neste convenio, o cumprimento da finalidade da subvención e a aplicación dos fondos percibidos.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, inspección e control financeiro que poidan realizar o Concello de Santiago de Compostela, a Intervención Xeral Municipal e os demais órganos de control competentes, facilitando tanta información lles sexa requirida.
- e) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, tan pronto como se coñeza a súa concesión e, en todo caso, antes da presentación da xustificación.
- f) Acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social nos supostos previstos legalmente.
- g) Manter unha contabilidade separada ou un sistema de codificación contable adecuado que permita identificar claramente as operacións financiadas con cargo ao presente convenio.
- h) Conservar a documentación xustificativa durante o prazo legalmente establecido, para os efectos das actuacións de comprobación e control.
- i) Dar cumprimento ás obrigas de publicidade do financiamento público nos termos establecidos na cláusula novena.

j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos na normativa de subvencións e neste convenio.

k) Asumir en exclusiva a organización, execución e responsabilidade das actividades subvencionadas, sen que a sinatura do presente convenio xere relación laboral, funcional ou de calquera outra natureza entre o Concello e o persoal, persoas voluntarias ou colaboradoras da entidade beneficiaria, que manterá indemne ao Concello fronte a calquera reclamación derivada da súa actuación.

l) En cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos.

NOVENA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO

A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da Concellería de Dereitos e Servizos Sociais. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións a que se refire a actividade ou programa obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que apareza a imaxe corporativa do Concello de Santiago coa lenda de obrigada inclusión de que dito programa ou actividade esta financiada polo mesmo, en aplicación do disposto na normativa. Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet deberán figurar na súa páxina de inicio e en lugar visible as citadas

referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares). Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, que se colocarán na contraportada no caso das publicacións.

En todo caso deberá realizarse por parte da Entidade beneficiaria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados os efectos da xustificación do cumprimento deste requisito.

Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE Nº 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexendo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 37 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, régulase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.

2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:

- a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
- b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
- c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado. Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

- d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.
- e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A entidade beneficiaria será a única responsable dos tratamentos de datos persoais que leve a cabo con ocasión da execución do presente convenio, comprometéndose ao cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como na restante normativa que resulte de aplicación.

Así mesmo, comprométese a cumprir as obrigas de publicidade activa, transparencia, subministración de información e bo goberno previstas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e demais normativa aplicable, facilitando ao Concello a información que resulte necesaria para o cumprimento destas obrigas.

UNDÉCIMA. SEGUIMIENTO, INTERPRETACIÓN E AVALIACIÓN DO CONVENIO

Co fin de garantir o adecuado desenvolvemento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión de seguimento, integrada por representantes do Concello de Santiago de Compostela e da entidade beneficiaria, designados polas respectivas partes.

Corresponderá á comisión:

- a) Realizar o seguimento da execución das actuacións previstas no convenio.
- b) Resolver, mediante acordo, as dúbidas de interpretación que poidan suscitarse durante a súa aplicación.
- c) Propoñer, se é o caso, as medidas necesarias para garantir o adecuado cumprimento dos obxectivos previstos.

As funcións da comisión terán carácter de seguimento e coordinación e non poderán supoñer modificación das condicións esenciais do convenio nin das obrigas asumidas polas partes.

O Concello de Santiago de Compostela poderá, en calquera momento, realizar actuacións de comprobación e seguimento das actividades subvencionadas, co fin de verificar a súa correcta execución e a adecuada aplicación dos fondos públicos.

DUODÉCIMA. INCUMPRIMENTO, PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO, REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

O incumprimento das obrigas establecidas no presente convenio ou na normativa reguladora da subvención poderá dar lugar, segundo a natureza e alcance do incumprimento, á perda total ou parcial do dereito ao cobramento da subvención ou ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora que correspondan.

Serán de aplicación as causas de reintegro previstas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as previstas no presente convenio.

En particular, procederá o reintegro cando os fondos se destinen a unha finalidade distinta da prevista, cando non se execute a actividade ou cando non se xustifique adecuadamente a aplicación da subvención nos termos establecidos.

O procedemento de reintegro tramitarase de conformidade coa normativa aplicable, garantindo en todo caso os dereitos de audiencia e contradición da entidade beneficiaria.

A entidade beneficiaria quedará suxeita ao réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como na restante normativa aplicable.

DÉCIMOTERCEIRA. RESPONSABILIDADE

A organización, dirección e execución das actividades corresponderán exclusivamente á entidade beneficiaria, que asumirá as responsabilidades que legalmente lle correspondan derivadas do seu desenvolvemento.

A sinatura do presente convenio non implicará, en ningún caso, a existencia de relación laboral, funcional ou contractual entre o Concello de Santiago de Compostela e o persoal, profesionais, persoas voluntarias ou colaboradoras da entidade beneficiaria.

A entidade beneficiaria deberá manter indemne ao Concello fronte ás reclamacións derivadas da organización e execución das actividades que sexan imputables á propia entidade, sen prexuízo das responsabilidades que, de conformidade coa normativa aplicable, puidesen corresponder ao Concello.

DECIMOCUARTA. NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ao abeiro do disposto no seu artigo 6.

O seu réxime xurídico rexerase polo establecido nas súas propias cláusulas e, no non previsto nelas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; na lexislación de réxime local e demais disposicións que resulten de aplicación.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir respecto da interpretación, modificación, efectos, cumprimento ou extinción do presente convenio e que non poidan resolverse no seo da comisión de seguimento serán resoltas polo órgano municipal competente, esgotando a vía administrativa.

Contra a correspondente resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, nos prazos e termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade, ámbalas dúas partes asinan este convenio e os seus anexos por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

Dona María Rozas Pérez Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais Concello de Santiago de Compostela.	Don Asociación Veciñal de Vite

ANEXO I

ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA OS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

ACTIVIDADE/PROGRAMA: “ PROGRAMAS DO PLAN COMUNITARIO DE VITE”

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2026
PERSONAL	76.786,08 €
MATERIAL FUNXIBLE DAS ACTIVIDADES	7.333,33 €
TOTAL	84.119,41 €

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, no que respecta ao tratamento de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos, incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con esta entidade. Así mesmo, informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento, segundo o previsto na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026 e Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2026, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.